

A economía galega: breve balance das tres últimas décadas e perspectivas de futuro¹

Manuel González

manuel.gonzalez.lopez@usc.gal

Grupo ICEDE (Innovación, Cambio Estructural e Desenvolvemento Económico)

Departamento de Economía Aplicada

Universidade de Santiago de Compostela

Resumo

Nas últimas tres décadas, Galicia mellorou significativamente o seu nivel de desenvolvemento, reduciu a pobreza e modernizou a súa estrutura produtiva, pasando dunha economía agraria a outra baseada nos servizos e cun sector industrial competitivo, especialmente -pero non só- nos eidos da automoción, téxtil e alimentación. A pesar destes avances, o país perdeu peso demográfico e económico, non logra reter talento novo e cualificado, e mantén unha posición periférica en Europa debido á súa moderada capacidade innovadora. A crise de 2008 golpeou con dureza o emprego, mais Galicia resistiuna algo mellor ca outras rexións grazas ao menor endebedamento das familias e á súa competitividade exterior. O gran desafío futuro é artellar unha estratexia de innovación adaptada aos sectores tradicionais, mellorar as comunicacións internas e externas, e reforzar as institucións para atraer e reter actividades de alto valor engadido.

¹ Este texto é unha versión revisada da serie de artigos "A economía galega: breve balance das tres últimas décadas e perspectivas de futuro", publicada orixinalmente no xornal Praza Pública ao longo do ano 2014. A serie completa pode consultarse na sección de opinión do xornal Praza Pública (praza.gal)

Introdución

Non fai falta ser un economista experimentado nin un observador especialmente sagaz para decatarse de que Galicia e a súa economía sufriron transformacións profundas nos últimos trinta anos. Estes cambios producíronse en paralelo á consolidación do autogoberno e á integración na Unión Europea, dous procesos institucionais clave que tiveron lugar despois da chegada da democracia a España. Ao longo destas páxinas, analizaremos as principais mudanzas da nosa economía e a situación na que nos deixan para encarar o futuro inmediato.

Vivimos mellor ou vivimos peor?

A primeira pregunta que cómpre responder —e que, curiosamente, os economistas adoitan esquecer— é a seguinte: vivimos mellor ou peor que hai trinta anos? Responder non é doado, xa que implica aspectos diversos e cun compoñente subxectivo moi forte. Con todo, o máis lóxico é tentar obxectivar a cuestión recorrendo a algún dos múltiples indicadores que miden o nivel de desenvolvemento e benestar das sociedades. Neste caso, utilizaremos o coñecido índice de desenvolvemento humano (IDH), empregado polo Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento, que integra parámetros relacionados coa saúde (esperanza de vida ao nacer), a educación (taxas de alfabetización e escolarización) e a riqueza (renda per cápita).


Segundo este indicador, a resposta é positiva. Tal e como amosan estudos recentes do IVIE (2013), o IDH galego medrou preto dun 18% entre 1980 e 2010, e fíxoo, ademais, lixeiramente por riba da media española, que á súa vez experimentou un crecemento superior ao da Unión Europea.² Vivimos máis anos —o que reflicte mellores condicións de saúde—, temos máis formación —o que amplía as nosas oportunidades de progreso— e xeramos máis riqueza material. Aínda que seguimos presentando niveis de desenvolvemento inferiores aos de España e Europa, conseguimos reducir distancias nas últimas décadas, aínda que fose de forma moderada. Sen dúbida, formamos parte do afortunado club dos países desenvolvidos.

² Por problemas metodolóxicos, non podemos realizar unha comparanza directa entre o IDH galego, o español e o europeo. Os datos para Galicia proceden dun estudo realizado para o conxunto das CCAA españolas, e nel apréciase que Galicia pasa de ocupar o posto 14 no *ranking* do IDH estatal en 1980 ao posto 10 en 2010. Por outra banda, os datos do PNUD amosan que España mellorou a súa posición relativa respecto á Unión Europea, o que nos permite afirmar que Galicia tamén o fixo, mesmo en maior medida.

Se, no canto de medir o desenvolvemento humano, nos centramos na desigualdade e na pobreza —aspectos directamente relacionados co modelo de sociedade—, as conclusións son similares, aínda que cómpre salientar o importante deterioro provocado pola crise económica iniciada en 2008. En calquera caso, tal como analizaron detalladamente Gradín e Del Río (2003), entre finais dos anos setenta e finais dos noventa produciuse en Galicia unha clara redución da pobreza e unha mellora na distribución da renda. En termos comparativos, Galicia logrou recortar as diferenzas respecto á media española, particularmente na segunda metade da década pasada, ata o punto de que a taxa de risco de pobreza en 2011 era do 18,8%, dous puntos inferior á media española (INE, 2012). Curiosamente, daquela aínda non se apreciaba no noso país un agravamento importante da pobreza relativa por mor da crise e do seu devastador efecto no emprego.³

Cómpre destacar que estas melloras se produciron en paralelo á asunción e ao desenvolvemento, por parte da Xunta de Galicia, de competencias clave en educación, saúde e diversas áreas de política económica, entre as que podemos incluír as políticas industriais e de innovación. Evidentemente, cabería argumentar que, de termos seguido a xestionar estes servizos desde Madrid ou, no outro extremo, de ser Galicia un país independente, poderíamos ter acadado avances similares ou mesmo superiores. Con todo, esta hipótese, ademais de non poder demostrarse por ser un contrafactual, non invalida a afirmación de que, a medida que o autogoberno se consolidou e boa parte dos servizos do estado do benestar comezaron a xestionarse desde Galicia, o benestar dos galegos experimentou claras melloras.

Figura 1. Evolución do Índice de Desenvolvemento Humano, 1980-2010



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IVIA (2013)

³ A taxa de risco de pobreza é a porcentaxe de persoas que están por debaixo do limiar de pobreza, entendido como o 60% da mediana dos ingresos por persoa (realmente por unidade de consumo das persoas).

De que viviamos daquela e de que vivimos hoxe?

Aínda persiste unha imaxe preconcedida da economía galega como fundamentalmente agraria e pesqueira, escasamente industrializada e cun sector terciario pouco desenvolvido. Pois ben, sen menosprezar a importancia estratéxica da agricultura e da pesca na nosa estrutura económica, o certo é que a súa achega directa ao emprego e ao PIB é hoxe minúscula. Do mesmo xeito, veremos como a industria en Galicia ten na actualidade un peso superior á media española e non moi afastado do da Unión Europea. Finalmente, ao igual que todos os países da nosa contorna, a economía galega é hoxe fundamentalmente unha economía de servizos, sector que medrou ao mesmo ritmo que se destruíu emprego no sector primario.

En 1980, algo máis de 475.000 persoas traballaban en actividades agrarias e pesqueiras, o que representaba máis do 40% do emprego total do país. Trinta anos despois, apenas 82.000 persoas ocupaban estes sectores, é dicir, un 7,5% do total. A outra cara da moeda son os servizos: en 1980 ocupaban un de cada tres traballadores, mentres que en 2010 duplicaban as cifras de 1980, tanto en número de ocupados como en peso na economía (66,3%). Non se produciron grandes variacións nin no volume de ocupados nin no seu peso relativo nos outros dous grandes sectores, industria e construción. A industria pasou de representar un 17,6% do emprego total en 1980 a un 15,7% en 2010, mentres que a construción, tras sufrir unha expansión hipertrofiada na década dos 2000, tiña en 2010 un peso semellante ao de 1980, ao redor do 10% do emprego total.

Constituír esta evolución unha anomalía ou unha particularidade no contexto español e europeo? Rotundamente, non. Nas últimas tres décadas non experimentamos nada que non tivesen experimentado antes, despois ou ao mesmo tempo outros países da Unión Europea. Quizais o trazo máis destacado sexa a rapidez do proceso de cambio, tal como apuntaron no seu momento autores como Fernández Leiceaga e López Iglesias (2000), e que tivo consecuencias evidentes sobre o modo de vida rural e a fisionomía do país. En particular, a sociedade galega deixou de ser maioritariamente rural para se converter nunha sociedade urbana, agudizándose a concentración da poboación —sobre todo da máis nova— na franxa atlántica, xa de seu maioritariamente urbana..

Figura 2. Evolución do número de empregados por sector





Figura 3. Emprego nos grandes sectores, 2010 (porcentaxe)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE, INE e Eurostat

Unha economía exportadora de bens (pero non de servizos) e que non só depende de Citroën...

Galicia é un país exportador de mercadorías. A nosa balanza comercial de bens é claramente positiva, tanto en relación co resto do Estado como con Europa, e só é negativa co resto do mundo (excluíndo España e Europa) por mor da forte dependencia externa do petróleo. Nunha perspectiva temporal, tamén podemos afirmar que a entrada no daquela Mercado Común non parece sentarlle mal ao sector exportador galego. Se analizamos a evolución da taxa de cobertura (exportacións/importacións \times 100) do comercio de bens con outros territorios distintos ao español, observamos que, se en 1988 existía un déficit comercial claro, na actualidade rexistramos un superávit consolidado. Se nos fixamos exclusivamente no comercio coa UE-27, vemos que, en toda a serie da que dispomos de datos, existe un superávit comercial cunha tendencia ademais crecente.

Outro dos mitos da economía galega é que Citroën é responsable da maior parte das exportacións. Pois ben, os datos sobre o comercio internacional (excluíndo España) matizan claramente esa idea preconcedida. O peso do sector do automóbil representaba en 2012 menos do 20% das exportacións, case doce puntos menos que en 1995. Hai que ter en conta, ademais, que dentro desta rúbrica se inclúen as pezas e accesorios de vehículos que fabrican as numerosas empresas do clúster vigués da automoción, moitas das cales nin sequera teñen á empresa francesa como principal cliente. Por outra banda, nos últimos anos asistimos a un auténtico boom da exportación de produtos de confección, vinculado ao fenómeno Inditex e a outras firmas: en 1995 representaban un 5% das exportacións, e en 2012 xa superaban o sector do automóbil. Trátase dun sector que, ademais, foi

mudando paseniñamente a súa fisonomía, pois experimentou un proceso de deslocalización que non significou, con todo, unha perda de importancia na nosa economía, que seguiu a concentrar as actividades de deseño, loxística e outras de maior valor engadido. O sector da alimentación, en particular o vinculado aos produtos do mar, constitúe outro dos piares da exportación galega, xunto coa construción naval, aínda que esta última amosa unha tendencia máis irregular, condicionada por encargos específicos. Nos últimos anos tamén se foi consolidando certa especialización en bens de equipo e manufacturas diversas, onde destacan os transformados da madeira e do aluminio. A economía galega é relativamente máis aberta e competitiva ca española, de tal maneira que non só rexistra unha balanza comercial máis positiva, senón que o seu peso no comercio exterior español supera con creces a nosa achega en termos poboacionais ou de PIB.

Figura 4. Evolución das exportacións e importacións galegas, 1988-2012





Figura 5. Exportacións e importacións por produtos, 2012



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

Os datos anteriores refírense en todo momento ao comercio exterior de bens e mercadorías. Mais, que ocorre cos servizos? Tradicionalmente, os estudos sobre comercio exterior non consideraban as actividades terciarias debido á propia natureza destas, en que o proceso de produción e venda é simultáneo e, por tanto, a lóxica da almacenaxe e distribución para a exportación, propia das mercadorías, non é aplicable. Con todo, isto non sempre é así, xa que determinados servizos son habitualmente incluídos nas balanzas comerciais ao ser o cliente residente nun lugar diferente ao da empresa —nomeadamente, os servizos turísticos ou de transporte. Mais a listaxe de actividades terciarias susceptibles de ser exportadas non queda aí, senón que se estende a un sector cada vez máis relevante nas economías desenvolvidas, non só desde o punto de vista do emprego e do valor engadido xerado, senón tamén da súa contribución á innovación nos territorios onde están presentes. Referímonos, en particular, aos servizos avanzados a empresas, como os de consultoría, enxeñaría e asistencia técnica, investigación, servizos informáticos, servizos

financeiros etc. Neste sentido, González López (2009) sinalou que a dinámica de produción e consumo deste tipo de servizos marca unha diferenza entre as (novas) rexións periféricas e as rexións centrais, na medida en que estas últimas adoitan especializarse na provisión destes servizos ás primeiras, que rexistran deste xeito un saldo comercial negativo nestas actividades. Nos distintos países europeos, ademais, adoitan ser as grandes capitais as que concentran este tipo de actividades e xogan ese papel de provedoras a outras rexións. O caso galego sería un exemplo desta dinámica, tal como se evidencia no traballo sinalado máis arriba.

Neste sentido, a partir de estudos previos e da evidencia estatística existente, podemos indicar que Galicia rexistra un saldo negativo no comercio exterior de servizos, e que ese saldo é particularmente negativo co resto do Estado (e, moi probablemente, aínda que carecemos de evidencia exacta, con Madrid). Así, as táboas input-output de 2008 publicadas polo IGE (2012) indican que, se ben Galicia rexistra un saldo positivo na balanza de bens co resto do Estado, o saldo é moi negativo no referido aos servizos (case 2.400 millóns de euros ese ano). Esta mesma fonte de datos sinala que as ramas onde se situaría ese déficit serían, sobre todo, os servizos informáticos, os servizos de consultoría e enxeñaría diversa, os servizos financeiros, os servizos de publicidade, os servizos de hospedaxe e os servizos aéreos. Efectivamente, se comparamos o peso que teñen estas actividades na economía galega en relación á economía española, e en particular en comparación coa capital madrileña (e, en menor medida, con outras autonomías), observamos un inferior nivel de desenvolvemento destas no noso país.

Entón, seguimos sendo periferia, si ou non?

Desde a publicación de O atraso económico de Galicia, de Xosé Manuel Beiras, así como de varios traballos do profesor Ramón López-Suevos, a economía galega está ligada ao concepto de periferia económica (diferente do de periferia xeográfica). Os conceptos de centro e periferia en economía están moi vinculados ás teorías do subdesenvolvemento e do desenvolvemento desigual xurdidas a mediados do século pasado, que pretendían explicar a situación económica e a capacidade de desenvolvemento dos territorios en función da súa inserción na lóxica espacial do sistema económico. Nese sentido, os autores mencionados usaron tal conceptualización para salientar o carácter periférico da nosa economía, daquela no marco da economía española, en que as rexións de vella tradición industrial —Euskadi e Cataluña—, xunto coa capital madrileña, ocupaban a posición de

centro. A economía galega teríase desenvolvido de xeito extravertido (fronte a autocentrado), atendendo ás necesidades do centro, co cal mantería unha relación de dependencia e, por tanto, de desigualdade (subministro de man de obra barata, materias primas e mesmo aforro). Ademais, botando man do occitano Robert Lafont, Beiras utilizaba o concepto de colonialismo interior, que agravaba aínda máis as condicións da periferia ao carecer as rexións de aparello estatal e ao agravárense os factores de dominio político e cultural sobre os territorios periféricos.

Na actualidade, os termos centro e periferia seguen a ser comunmente utilizados nas áreas científicas da economía rexional e da xeografía económica, mais nin o respaldo teórico é o mesmo que usaron no seu momento Beiras ou Suevos, nin a fisonomía que toma a dialéctica centro-periferia é a mesma. Incluso algúns autores e escolas cualificaron como simplista unha análise que pretende resumir en dous polos a complexa relación das economías no espazo. Mais, aínda sendo esta unha cuestión de interese académico moi estimulante para quen isto escribe, non entraremos agora nela, por ser un debate inconcluso e que excede o obxecto deste documento. Si destacaremos que unha gran parte dos estudos actuais sobre desenvolvemento rexional se diferencian dos baseados nas teorías do subdesenvolvemento en que estes últimos compartían un certo determinismo en relación á imposibilidade ou incapacidade dos territorios para mudar a súa situación e se desenvolveren (e, por tanto, á perpetuación da dialéctica centro-periferia). Xa desde finais do século pasado, moitos dos traballos máis destacados nesta área baséanse na idea de que cada territorio conta con recursos distintivos —económicos, culturais e institucionais— sobre os que apoiar a súa capacidade de desenvolvemento económico, e que é necesario artellar estratexias para activar o potencial de cada un deles. Isto non quere dicir, ao noso ver, que o modo de se inserir na lóxica económica internacional non sexa tamén importante, e moito, pero non ten por que ser unha gaiola de ferro, como amosan os casos de moitas rexións europeas que lograron saír dunha situación teoricamente periférica (o Mezzogiorno italiano, Irlanda, Finlandia etc).


Tendo en conta o anterior, cal sería entón a nova fisonomía dos territorios periféricos? Pois ben, na liña dos estudos que conxuntamente realicei co profesor Xavier Vence, así como doutros autores, o mapa económico europeo estaría «dominado» por unha serie de rexións altamente desenvolvidas do centro e norte de Europa, xunto coas capitais dos diferentes Estados europeos, tanto do norte como do sur. A verdadeira fronteira económica viría da man, xa non da existencia de actividades industriais, senón da capacidade innovadora dos

territorios, manifestada, entre outros trazos, nun tecido económico onde predominan as actividades de alta intensidade en coñecemento e tecnoloxía. Pola contra, a periferia europea —na que atoparíamos Galicia— estaría integrada por rexións con menor capacidade innovadora e onde dominan, no ámbito industrial, actividades de intensidade tecnolóxica media e baixa, así como servizos pouco avanzados e intensivos en man de obra de baixa cualificación (Vence e González, 2009).⁴

Nesta liña discursiva, podemos observar no seguinte mapa, incluído no informe elaborado pola Unión Europea (2013), Regional Innovation Scoreboard 2012, que Galicia aparece entre as rexións de innovación moderada-baixa (isto é, nunha escala de 1 a 10, sendo 1 a rexión líder en innovación, Galicia estaría no grupo 7). Esta medida da actuación innovadora constrúese como un indicador composto á súa vez por outros que captan aspectos que van desde a cualificación dos recursos humanos, as actividades de innovación das empresas e das universidades, ata os resultados destas en termos de introdución de innovación, patentes concedidas etc. Este mesmo informe dá conta dunha lixeira mellora da posición galega entre 2007 e 2011, xa que no primeiro ano ocupaba un chanzo máis baixo na clasificación antedita, o cal podería ser resultado do incremento no esforzo en innovación realizado por empresas e administración pública nos anos previos ao estoupido da crise.

⁴ Non quere isto dicir que as industrias tradicionais non poidan ser innovadoras; moi ao contrario, é aí onde seguramente teñamos que poñer a atención nos vindeiros anos en Galicia. O que sinalamos é que a escasa capacidade innovadora se manifesta nunha menor presenza relativa de actividades de media e alta tecnoloxía/intensidade en coñecemento, que demandan man de obra de alta cualificación, necesarias para promover a innovación tamén nas actividades tradicionais.

Mapa 1. Actuación innovadora das Rexións Europeas, 2011⁵



Fonte: Regional Innovation Scoreboard 2012

O noso talón de Aquiles: cada día somos menos e con menor peso relativo

A escasa capacidade innovadora é seguramente unha das causas do que posiblemente sexa o principal problema ao que se enfrenta Galicia e a súa economía na actualidade e no futuro inmediato. Referímonos á perda de peso demográfico e económico que experimentou o noso país nos últimos anos, proceso que non ten trazas de se revertir a curto prazo. Se en 1981 a poboación galega representaba un 7,5% da poboación española, en 2011 esta porcentaxe caera ao 5,9%. Nunha etapa de crecemento demográfico no conxunto español, en particular nos anos de bonanza económica, Galicia experimentou un estancamento demográfico mesmo despois de remataren os procesos de emigración masiva das décadas dos sesenta e setenta. Neste período rexistramos unhas taxas de natalidade das máis baixas de Europa e non fomos quen de atraer poboación emigrante ao ritmo que o facían outros territorios da contorna, o que explica que sexamos tamén unha das rexións máis avellentadas do continente. Este fenómeno, con consecuencias variadas que todos

⁵ No mapa só se inclúen 4 categorías, se ben no informe estas categorías subdivídense noutras até chegar ás dez sinaladas.

podemos imaxinar, convértese ademais nun factor relevante para o devir futuro da nosa economía, toda vez que as relacións causa-efecto entre factores demográficos e económicos teñen unha natureza bidireccional. Outro dos fenómenos demográficos que amosa as eivas da nosa economía é o saldo migratorio negativo entre a poboación máis nova, que conforma tamén a xeración con maior cualificación da historia do país. E referímonos ao saldo migratorio e non ás saídas, porque nun contexto en que o mercado de traballo galego está fortemente integrado no español e cada vez máis no europeo, é normal que se incrementen as taxas de mobilidade laboral dentro destes espazos. Con todo, a saída neta de continxentes máis novos, en particular cara ao resto do Estado, significou a perda de aproximadamente 40.000 persoas de entre 16 e 34 anos desde 1992 a 2012. É Madrid, cun 35% do total en 2005, a comunidade que concentra a maior parte da emigración galega no Estado, segundo os datos de Blanco e Fernández (2007), aumentando a distancia dese xeito respecto a Cataluña e Euskadi, destinos tamén tradicionais da emigración galega. A saída de activos cara á capital do Estado é, ademais, particularmente selectiva e, como se apunta nun estudo máis recente realizado por González Laxe et al. (2013)⁶, preto do 40% dos titulados universitarios galegos contratados no resto de España entre 2003 e 2010 dirixíronse a Madrid, unhas 15.500 persoas en termos absolutos.⁷

Este proceso de emigración selectiva ten unha clara lectura económica que entronca con aspectos discutidos anteriormente. Así, non é nada ousado afirmar que boa parte das persoas máis novas que cada ano deixan Galicia ocupan nos lugares de destino, máis cedo ou máis tarde, postos de traballo de alta cualificación en actividades relacionadas cos servizos avanzados e intensivos en coñecemento.

O anterior permítenos valorar con máis clarividencia a importancia de mudanzas económicas concretas como as que, por exemplo, se veñen producindo no sector financeiro galego e español. No forte proceso de concentración que experimentou este sector, non só derivado das forzas do mercado, senón tamén por decisións políticas, o noso país perdeu case todas as súas entidades financeiras, que foron absorbidas, particularmente en tempos recentes, por entidades españolas. Desde o Banco Gallego ao emblemático Banco Pastor (finalmente non aconteceu o mesmo, por sorte e polo de agora,

⁶ González, F; Martín, F e Martín, F. (2013); “Deficiencias estruturais, emigración interrexional e fuga de cerebros: o caso de Galicia” *Revista Galega de Economía*, 22, 2, 9-30

⁷ Cómpre destacar o proceso puntual que se produciu na década dos noventa de emigración ás illas Canarias dun volume nada desprezable, que afectou en particular a cohortes mozas. Dito proceso parou e mesmo chegou a se reverter claramente a partir do ano 2007.

con NCG Banco). A gravidade destas absorcións vai máis alá do carácter simbólico da localización dos centros de decisión, posto que implican a perda de centos de postos de traballo nas sedes centrais destas entidades e nas empresas auxiliares. Empregos de alta cualificación e alta intensidade en coñecemento, que achegan un elevado valor engadido, pasan a facelo noutros territorios, particularmente en Madrid e, en menor medida, noutras rexións desenvolvidas do Estado e nas capitais europeas. A atracción (e retención) deste tipo de emprego volveuse, sen dúbida, un factor competitivo claro para calquera territorio, aspecto que deberíamos ter moi en conta no futuro.

En definitiva, e como vimos en apartados anteriores, nas últimas tres décadas fomos quen de mellorar o noso nivel de vida, mesmo en maior medida que os nosos veciños; tamén acadamos niveis aceptables en canto á competitividade exterior da nosa industria, onde existen exemplos de éxito ben coñecidos. Con todo, ao mesmo tempo, fomos perdendo peso demográfico e tamén económico, o que fai que colectivamente sexamos menos relevantes en moitos outros ámbitos.

A crise que mandou parar e que perdura

En 2008 estoupou a crise económica máis importante dos últimos oitenta anos a nivel mundial. As causas están máis que analizadas, así como as particularidades do caso español e, en menor medida, do galego. Nos anos previos á crise, en particular desde os inicios do novo século, fórase formando unha burbulla inmobiliaria de natureza especulativa en todo o Estado, aínda que sobre todo nas rexións mediterráneas, nas illas Canarias e nas cidades castelás próximas á capital madrileña. Esta burbulla elevou de forma irracional e ilusoria os prezos da vivenda residencial e tivo efectos directos na economía produtiva, manifestados no forte crecemento primeiro, e posterior declive despois, do emprego e o valor engadido do sector da construción e dos servizos inmobiliarios (e outros sectores próximos a estes, tanto secundarios como terciarios). Estabamos, como se amosou nídiamente despois, diante dun crecemento con pés de barro. Só en Galicia, o número de ocupados no sector da construción pasou de 98.900 en 1996 a 147.300 en 2007, representando o 20% do incremento total do emprego nese período. Isto é, o emprego na construción medrou o dobre que no resto da economía.

Pero a burbulla inmobiliaria só pode considerarse a causa inmediata da actual situación da economía galega e española. Un crecemento desaforado do prezo e do investimento neste

tipo de activos só é posible se existe crédito suficiente dispoñible (e se fai uso del). Dous son os factores, desde o noso punto de vista, que darían lugar a un elevado crecemento do crédito e, finalmente, á burbulla inmobiliaria. Un primeiro factor refírese á crecente desregulación do sector financeiro a nivel internacional, o que, se ben facilitou o acceso aos recursos financeiros por parte de entidades bancarias e empresas, hipertrofiou o sector e actuou perniciosamente sobre o sistema de incentivos e riscos bancarios (Costas e Arias, 2011). O segundo factor está relacionado coa posta en circulación da moeda única europea, o euro, que acelerou o fluxo de mercadorías e capital dentro de Europa e homoxeneizou as condicións de acceso a créditos nos distintos países da Unión, que, con todo, tiñan economías fortemente heteroxéneas entre si.

A crise a nivel internacional semella que foi superada xa a principios da presente década, en boa medida grazas ao pulo das economías emerxentes e ás actuacións decididas e coordinadas dos grandes bancos centrais, en particular da Reserva Federal americana. Con todo, máis alá das pomposas palabras dos líderes mundiais, o certo é que non parece que se fixese demasiado por corrixir os problemas de raíz, relativos á desregulación e consecuente hipertrofia do sector das finanzas. Unicamente os acordos recollidos en Basilea III dan conta dun tímido endurecemento das regras de xogo para o sector financeiro, pero, ao noso parecer, insuficiente para evitar crises futuras.

Por outra banda, aquí en Europa a crise non só non foi superada, senón que a situación empeorou nos anos seguintes, produto das carencias na arquitectura institucional da UEM e, acorde coa opinión de numerosos economistas, por causa dunhas políticas excesivamente centradas na austeridade. A situación agravouse especialmente nos países máis afectados pola borracheira de crédito, en particular os do sur de Europa, xunto con Irlanda. O resultado é ben coñecido: tradúcese nunha caída da produción, nunhas taxas de desemprego inéditas, así como nunha grave inestabilidade económica, política e social. En Galicia, o número de desempregados no terceiro trimestre de 2013 ascendía a 288.000, un 22,4% da poboación activa, sendo no Estado a taxa de paro cinco puntos máis alta. Aínda así, na altura en que escribimos este capítulo (outono de 2013), se ben non se observa unha mellora clara da economía real, hai indicios que apuntan a que o peor xa pasou e que existen condicións para recuperar a estabilidade perdida. Non é moito, pero é bastante, sobre todo se consideramos que a economía é unha cuestión de confianza e expectativas. Semella que deixamos de estar á beira do precipicio representado pola quebra financeira da economía española, o que constituía un elemento de enorme inestabilidade para toda a UE.

Mais nos últimos meses de 2013 a prima de risco reduciuse, a saída de capitais parou e o Estado puido financiarse nos mercados a prezos relativamente razoables. A explicación hai que procurala, ao noso entender, nas respostas timoratas que, mal que ben, se foron dando a nivel europeo e, particularmente, en (polo menos) tres decisións clave. A primeira, o xa famoso anuncio do presidente do BCE, Mario Draghi, en xullo de 2012, que viña a indicar que estaría disposto a actuar nos mercados de débeda soberana dos Estados con máis problemas, á semellanza dos outros grandes bancos centrais. Unha das críticas que con razón se lle viña facendo ao BCE era que estaba imposibilitado por mandato constituínte para a compra de débeda soberana. A decisión dos xestores do BCE, en contra dos desexos alemáns, serviu na práctica para corrixir esa eiva, aínda que só fose pola porta de atrás e parcialmente. A segunda, o rescate ao sector financeiro a cargo do Mecanismo Europeo de Estabilidade. Lembremos que este fondo fora creado como resultado dos innumerables cumes europeos e, con grandes limitacións, viña a actuar como algo parecido aos demandados eurobonos (débeda mancomunada europea), pois rebaixa o custo de financiamento dos países con problemas. Unha liña de crédito de ata 100.000 millóns de euros que serviu para poñer freo á principal fonte de problemas da economía española: a insolvencia dunha parte nada irrelevante do seu sector financeiro, produto da borracheira de ladrillo dos anos precedentes. A terceira, o paulatino afrouxamento dos límites do déficit público, que veu dar un respiro ás economías afogadas polos recortes previos nos orzamentos públicos. Aínda así, todos estes factores son aínda insuficientes para recuperar a economía real por unha simple razón: a demanda interna non levanta cabeza. As familias e o sector privado seguen fortemente endebedados, polo que o consumo e o investimento non se recuperan. Mentres, o gasto e investimento públicos non actúan contraditicamente debido ás receitas de austeridade e á falta de instrumentos a nivel europeo que o permitan, a pesares de que, como dixemos, a UE se viu na obriga de afrouxar o ritmo da redución do déficit. Só o sector exterior, aínda que insuficiente, se ten comportado de forma positiva na periferia europea, produto da caída dos custos de produción que permitiu soste as exportacións mesmo nun contexto de desaceleración económica. Semella, por tanto, que, se ben saímos da beira do precipicio, non veremos unha recuperación sostida e forte nin da produción nin do emprego a medio prazo. Do mesmo xeito, semella que non veremos unha solución definitiva aos problemas de Europa se non se producen avances máis claros no goberno económico da UEM na liña do enunciado polo propio FMI (2013), o cal implica avanzar na unión bancaria e fiscal na zona euro.

E como afronta Galicia esta crise?

Pois, en principio, non peor que os territorios da nosa contorna xeográfica máis inmediata, isto é, dos países da periferia europea en problemas. En calquera caso, non ten o noso país salvagardas nin particularidades que puidesen evitar unha saída en falso da crise, como tampouco as tivo para evitar os efectos nocivos desta sobre a produción e o emprego. Como xa se argumentou máis arriba, esta é agora unha crise fundamentalmente europea, e ese é o marco onde se deben procurar gran parte das solucións. Aínda así, o certo é que o noso país viña mantendo un diferencial positivo en relación ao conxunto español, tanto no referido á evolución do PIB como do emprego. As razóns deste mellor comportamento están relacionadas, ao noso ver, con dúas características distintivas da nosa economía, que terían amortecido o impacto da crise. En primeiro lugar, o menor nivel de endebedamento de familias e empresas, derivado tamén dunha menor expansión da construción civil, e moi probablemente doutros factores de carácter cultural e demográfico. Segundo os datos do Banco de España, o peso da débeda de familias e empresas galegas no PIB era en 2012 o máis baixo do Estado, cun 106%, moi por debaixo da media das autonomías, que se situaba no 160% do PIB. Se ben isto non se manifesta de forma clara no comportamento do consumo e do investimento privado, o certo é que aquelas autonomías máis endebedadas son, polo xeral, as que rexistran tamén un maior nivel de desemprego. O segundo factor distintivo do caso galego vén da man dunha maior competitividade exterior que, como xa vimos, se manifesta nun superávit comercial en produtos industriais xa existente antes do estoupido da crise. A pesares destes elementos positivos, a evolución da nosa economía a medio e longo prazo vai depender doutros factores de carácter estrutural, que xa comentamos máis atrás, así como da propia actuación dos poderes públicos de Galicia. Nomeadamente, as políticas destinadas á mellora da capacidade innovadora do noso tecido produtivo —que, por certo, sufriron un claro retroceso comparativo nos últimos cinco anos— semellan clave para a mellora da nosa economía e do noso benestar no futuro inmediato.

Innovar cos pés na terra, e pensármonos como centro económico

Neste traballo quixemos facer un breve repaso dos principais cambios económicos acontecidos en Galicia nos últimos trinta anos. Comezamos cuestionando algúns dos arquetipos preconcedidos sobre a nosa economía e o país en xeral. Galicia xa non é aquela sociedade rural e agraria de antano, e a súa estrutura produtiva experimentou modificacións propias das economías avanzadas da nosa contorna. En todo este tempo, e como vimos, fomos quen de mellorar claramente o noso benestar económico e social ata o punto de

reducir as diferenzas históricas, e nalgúns casos superalas, respecto aos nosos veciños españois e europeos. Do mesmo xeito, a nosa industria amósase máis competitiva ca española e acadou niveis de diversificación máis elevados dos que comunmente se pensa. Todo isto aconteceu a medida que se producían dous procesos clave desde o punto de vista histórico e institucional: a chegada e consolidación das institucións propias e do autogoberno, asumindo boa parte da prestación dos servizos do estado do benestar, e, en segundo lugar, a entrada na actual Unión Europea.

Con todo, a pesares dos anteriores avances, a economía galega segue ocupando unha posición secundaria no contexto español e europeo. Nos últimos trinta anos fomos perdendo peso demográfico e económico, o cal ten evidentes consecuencias en moitos outros ámbitos. Deixamos de ser un país pobre e atrasado, pero mantemos trazos dunha economía da periferia europea contemporánea, moi diferentes aos dos anos sesenta e setenta, pero periferia ao fin e ao cabo. O principal factor que explica esta situación é seguramente a escasa capacidade innovadora da nosa economía, que se manifesta, entre outras evidencias, nunha incapacidade para reter e atraer capital humano de alta cualificación e actividades vinculadas ao terciario moderno. Actividades vinculadas non só aos servizos a empresas máis directamente relacionados coa innovación, como os servizos de investigación e desenvolvemento ou os servizos de enxeñaría, senón tamén actividades baseadas na creatividade, como as propias da industria cultural e outras actividades profesionais.

Mais non sería de recibo rematar este traballo coa xa tradicional perspectiva pesimista da nosa economía, pois, do mesmo xeito que existen fraquezas, existen tamén fortalezas — como as que posibilitaron a mellora nestes tres decenios— así como oportunidades que debemos aproveitar nos vindeiros anos. Sen ánimo de ser exhaustivo e entendendo que un diagnóstico propositivo para a mellora da economía galega necesitaría un traballo máis profundo, indicaremos varios aspectos que consideramos clave a este respecto.

O primeiro refírese á necesidade de innovar a partir do que somos e do que posuímos, que non é pouco. A economía galega non pode competir en sectores de alta tecnoloxía, pero si o pode facer en moitos outros nos que temos amosado o noso bo facer historicamente e nos últimos anos. Referímonos, só a modo de exemplo, ao sector da alimentación vinculado ao mar e ao agro, onde é conveniente focalizar unha parte destacada dos recursos de apoio á innovación. A aposta pola diferenciación baseada na vinculación ao

territorio e á cultura propia, pero achegando novos formatos de comercialización (mercados de proximidade) e estando atentos ás grandes tendencias do mercado (produtos funcionais, ecolóxicos etc.), debe ser unha estratexia a seguir. Para iso, debemos poñer os nosos recursos científicos e humanos ao servizo do tecido produtivo, e moi particularmente ás universidades. É tan só un exemplo, pero a estratexia, coas súas particularidades, non debería ser diferente noutros moitos sectores, tales como a industria da madeira e forestal, a de produtos metálicos ou a enerxética, onde a nosa vantaxe competitiva non pode seguir sosténdose case unicamente na dotación de recursos naturais ou en menores custos laborais. Sobra dicir que a implicación das institucións do país, con competencias xa desenvolvidas no ámbito das políticas de innovación, é clave para poder artellar unha estratexia axeitada á realidade do noso tecido económico.

O segundo factor ten que ver co artellamento interno e coa comunicación do país co exterior. Como xa vimos, outro dos grandes cambios acontecidos en Galicia nos últimos decenios é a conversión nun país máis urbano, onde o dinamismo económico e demográfico se concentra no eixo atlántico. Trátase dunha nova realidade sustentada nun sistema poliurbano, que non parecemos ter ben en conta ao establecer as nosas prioridades en materia de infraestruturas. Neste sentido, e a modo de exemplo, chama a atención como, desde as instancias políticas, sociais e empresariais, se lle presta máis atención á comunicación ferroviaria con Madrid —que non mellora substancialmente as alternativas que xa existen— que á propia estruturación interna. O resultado é que imos tardar practicamente o mesmo en ter unha comunicación de velocidade alta entre as principais cidades do eixo atlántico, onde diariamente se desprazan centos de miles de persoas, que entre algunhas destas e a capital do Reino. Un país onde non existe unha gran cidade, cun mercado de traballo amplo e diversificado que funcione como imán para atraer persoas e empresas asociadas á nova economía, ten que facer da necesidade virtude e converter o noso sistema de cidades pequenas nese polo de atracción. Por iso é esencial reducir os custos de mobilidade interna e racionalizar, desde unha perspectiva global, os de comunicación co exterior. Evidentemente, isto atinxe a mudanzas importantes nas políticas aeroportuarias, onde as instancias políticas se amosan incapaces de artellar unha estratexia que sitúe Galicia no mapa europeo, e tamén no eido portuario, onde Galicia ocupa unha excelente posición para atraer tráfico de todo tipo a nivel internacional.

Rematamos. E facémolo indicando que, desde a nosa perspectiva, dificilmente imos ser quen de mudar a posición que colectivamente ocupamos no contexto español e europeo se

non existe a vontade para facelo. Pode semellar algo obvio, pero quen coñeza a realidade política e social deste país sabe ben do que estamos a falar. Parécenos esencial avanzar no autogoberno, pero co obxectivo de construír unhas institucións onde prime a transparencia e que sexan quen de garantir a igualdade de oportunidades, lonxe das vellas prácticas de ascenso social. Sabendo o lugar que ocupamos, cómpre reinventármolos a partir do que somos e, sobre todo, pensar Galicia como centro económico e tamén político, aberto ao mundo.

Referencias:

- Banco de España (2013); “Cuentas financeiras de la economía española” *Estadísticas*. Banco de España
- Blanco, H. e Fernández, M. (2007); *Migraciones y capital humano: el caso gallego*. Comunicación presentada no *Encuentro de Economía Laboral y de la Educación*, 12-13 de Julio de 2007
- Costas, A. e Arias, X.C. (2011); *La torre de la arrogancia. Políticas y mercados después de la tormenta*. Ariel: Barcelona
- European Union (2012); *Regional Innovation Scoreboard 2012*. European Commission. DG Enterprise and Industry
- Fernández Leiceaga, X. e López Iglesias, E. (2000); *Estructura Económica de Galicia*. Laiovento: Compostela
- FMI (2013); “Toward a Fiscal Union for the Euro Area”, *IMF Staff Discussion Note*. SDN/13/08
- González, F; Martín, F e Martín, F. (2013); “Deficiencias estruturais, emigración interrexional e fuga de cerebros: o caso de Galicia” *Revista Galega de Economía*, 22, 2, 9-30
- González, M. (2009); “Regional differences in the Growth Patterns of Knowledge-Intensive Business Services: an Approach Based on the Spanish case” *European Urban and Regional Studies*, 16 (1): 101-106
- Gradín, C. e Del Río, C. (2003); “A distribución da renda en Galicia: Balance das tres últimas décadas” *Revista Galega de Estudos Sociais*, 1, 41-56
- IGE (2012); “Marco input-output de Galicia 2008”; *Sistema de Contas*. IGE
- INE (2012); “Encuesta de condiciones de vida. Año 2012”. *Notas de Prensa del INE*

- IVIE (2013); *Desarrollo humano en España. 1980-2011*. Instituto Valenciano de Investigaciones Económicas
- Vence, X. and González, M. (2009); “Regional Concentration of the Knowledge-based Economy in the EU: Towards a Renewed Oligocentric Model?” *European Planning Studies*. 16 (4): 557-578.